



MANIFESTO DO DÍA MUNDIAL DA SIDA 2023

Este ano de 2023, iniciamos en Galicia unha nova etapa na loita contra a infección polo VIH e a sida na nosa comunidade. Co horizonte de 2030 propoñemos a meta de acadar a fin da SIDA e o control da infección polo VIH como problema de saúde pública para a Comunidade.

A serie de datos, dos últimos anos, confirman a evolución favorable da pandemia polo VIH e a SIDA en Galicia. Estes logros, son o froito do traballo multidisciplinar de todas as partes implicadas na loita antisida no noso medio. A pesares dos bos resultados do control do VIH e a SIDA, quedan pendentes retos como a mellora do diagnóstico precoz e a eliminación do estigma e a discriminación asociada a esta infección.

ONUSIDA, ten marcado o reto de acabar coa SIDA en 2030 utilizando a estratexia 95-95-95. E dicir que se diagnostiquen ao 95% das persoas infectadas co VIH, administrar tratamento antirretroviral ao 95% das persoas diagnosticadas e manter a carga viral indetectable no 95% das persoas a tratamento antirretroviral.

Dentro desa estratexia 95%; inclúese tamén a calidade de vida das persoas vivindo co VIH. Os modernos tratamentos antirretrovirais proporcionaron melloras na calidade, prognóstico e esperanza de vida ás persoas vivindo co VIH. Entre os novos retos, incluiremos os esforzos na asistencia, a fragilidade e o envellecemento, o tratamento dos problemas relacionados coa saúde mental e a inclusión social das persoas excluídas.

O novo Plan galego anti VIH e outras ITS 2023-2030, deberá dar respostas a todas estas inxedanzas; tanto no apartado do diagnóstico e tratamento como na prevención e control. Os estudos sobre a calidade de vida, deberán ser unha constante nesta nova etapa da pandemia.

A abordaxe dunha atención sanitaria integral, sumada ao papel das unidades especializadas en VIH e ITS, vainos proporcionar un marco de atención onde problemas interrelacionados, como son as outras ITS, poidan ter unha atención sanitaria axeitada; e favorezan o necesario control das infeccións de transmisión sexual.

Este ano o lema mundial de ONUSIDA "A fin da SIDA é posible. Que lideren as comunidades", fai un chamamento a traballar intensamente desde as comunidades incidindo dun modo especial nas persoas máis vulnerables. As comunidades teñen que estar na vangarda de todas as actividades de control aportando a súa experiencia, en todo o traballo levado a cabo durante todos estes anos, coas persoas afectadas.

A meta marcada para o ano 2030, constitúe unha das maiores ilusións para rematar cun importante problema de saúde, ao que levamos máis de 40 anos enfrontándonos. Celebremos pois o inicio do fin da pandemia da SIDA en Galicia.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2023